



PROCESO DE ESCOLARIZACIÓN ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2022/2023

O alumnado actualmente matriculado neste centro, que desexe continuar estudos nel, non precisa facer reserva de praza.

Este proceso está destinado a aquel alumnado que desexe iniciar estudos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO (Educación Secundaria Obrigatoria) e de 1º e 2º de Bacharelato no IES DE BRIÓN.

NORMATIVA REGULADORA:

- [ORDE de 18 de decembro de 2020](#) pola que se modifica a Orde de 12 de marzo de 2013 (código de procedemento ED550LA y ED550B).
- [ORDE de 25 de xaneiro de 2017](#) pola que se modifica a Orde de 12 de marzo de 2013.
- [ORDE de 12 de marzo de 2013](#) pola que se desarrolla o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- [DECRETO 13/2022, de 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria y de bachelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Pódese ver na web <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/36370>

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN: do 1 ao 21 de marzo.

Este prazo de presentación de solicitudes é único. Non hai prazo de presentación en setembro.

Ós efectos de cumprir os trámites do procedemento de admisión e matrícula do alumnado, cando o último día do prazo non sexa lectivo, prorrogarase automaticamente ata o día lectivo inmediato seguinte.



A **solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse** mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes (21 de marzo)

IMPRESOS DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN

O formulario normalizado **Anexo II (ED550B)**, aprobado pola Orde do 25 de xaneiro de 2017, será facilitado gratuitamente no noso centro e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/portada>), na aplicación “**admisionalumnado**” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN (ATA 21 DE MARZO)

A solicitude **SERÁ ÚNICA** e terá carácter vinculante.

Poderase **presentar de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción**, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado.

Tamén poderá presentarse de forma electrónica a través da aplicación:

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.

Deberá estar correctamente **asinada polo pai ou nai (en caso de separación polos dous obrigatoriamente)**. Deberá xuntarse, como mínimo:

- **DNI do alumno/a** (obrigatorio a partir dos 14 anos), **libro de familia ou pasaporte**.
- **Documento que acredite reunir os requisitos académicos esixidos:** Certificadode matrícula, ou resgardo selado da matrícula do curso actual, ou boletín de notasda 1ª avaliación.
- Se é o caso, convenio regulador ou **resolución xudicial de separación ou divorcio**.
- Se se opta a unha praza de necesidades específicas de apoio educativo (**NEAE**), achegarse tamén a **documentación xustificativa**. (En 1º de ESO resérvanse 3 postos por unidade para alumnado con NEAE).



A comunicación pública de se é necesario ou non entregar a documentación precisa para proceder á **baremación** de méritos, farase o día **23 de marzo**.

- **Se fose preciso baremar**, por existir máis demanda que oferta de postos escolares, o centro abrirá un **prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de admisión, para achegar a documentación xustificativa** dos criterios de baremo.
- **O alumnado deberá entregar toda a documentación xustificativa** dos méritos alegados no apartado de baremo da súa solicitude de admisión (é importante ter ben cuberto ese apartado, pois neste prazo de entrega de documentación xa non se poderán alegar méritos non incluídos anteriormente).
- O centro ten aprobado como Criterio complementario establecido polo centro, no apartado correspondente do baremo para a admisión, o seguinte: **“Outorgarase 1 punto para as solicitudes de admisión de alumnado procedente do CEIP O Pumar (Urdilde, Rois)**. Para outorgalo será precisa a presentación dun certificado académico do ano 2019/2020
- **Publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos publicaranse do 25 de abril.**
- Publicación das **listaxes definitivas** de admitidos e non admitidos: **antes do 15 de maio**. O centro publicará no seu taboleiro de anuncios as listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas.

As persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listaxes definitivas, coa puntuación desagregada dos criterios de baremo:

- **PRESENCIAL:** na Secretaría do Centro.
- **NON PRESENCIAL:** única e exclusivamente a través da aplicación admisionalumlado empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre.



Contra a relación definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación

- **Os prazos de formalización de matrícula serán do 25 de xuño ao 10 de xullo.**

Atención á distribución de matrícula por días que fai o centro (preguntar en xuño).

Se finalizado o prazo de matrícula, esta non se tivese formalizado, teráselle por decaído no dereito á praza obtida (Art. 40.3 da *Orde do 12 de marzo de 2013*).

NOTAS INFORMATIVAS IMPORTANTES:

- Recórdase que só se poderá **presentar unha ÚNICA SOLICITUDE de admisión** no centro no que solicite praza en primeiro lugar.
- En caso de incumprimento desta norma, **a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade** que puidesen corresponder.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.(1 de marzo de 2022)
- O alumnado admitido debe **solicitar, se procede, a axuda de fondo de libros neste centro (o prazo é de 21 de maio a 21 de xuño, ambas datas incluídas).**
- O alumnado que non fixo reserva de praza e que non solicite Admisión no prazo establecido, deberá facer sempre unha solicitude extraordinaria de admisión na Inspección Educativa de Santiago (que deberá ser quen autorice a admisión extraordinaria).

Brión, 28 de febreiro de 2022